




## PUBLICACIONES

**MCCARTHY, Cameron. (1994): Racismo y currículum. Madrid, Morata-Paideia.**

A obra pretende prantexar os problemas da desigualdade social e do baixo rendimento das minorías, aos que teñen que facer fronte os educadores de escolas e universidades en Estados Unidos. A tese na que fundamenta o seu traballo consiste en facer fincapé na importancia do contexto e do matiz social para comprender as relacións de raza. Non hai unha única causa que explique as relacións discriminatorias en función da raza; igualmente non existe homoxeneidade nos grupos minoritarios.



Pola contra, o autor intenta sinalar os intereses, necesidades e desexos contradictorios que conforman a conducta social, educativa e política das minorías. Para abordar estas cuestións, o libro estruturase en seis capítulos. No primeiro, a xeito introductorio, trátanse os conceptos e as relacións entre raza e currículum. No segundo, indágase nas teorías sociais sobre a desigualdade racial na escolarización, facendo especial fincapé nas teorías conservadoras de distinto «pelaxe». No capítulo terceiro, abórdase a alternativa multicultural, os seus antecedentes históricos, os modelos de competencia cultural e os modelos de emancipación cultural e reconstrución social. No capítulo cuarto, analízanse os diferentes enfoques neomarxistas da desigualdade racial. No capítulo quinto, analízanse as relacións na escolarización entre a raza, a clase social e o xénero. No último capítulo, o autor centrase nos aspectos da reforma educativa norteamericana para terminar presentando a alternativa do autor á desigualdade racial e o cambio educativo en Estados Unidos, que él denomina «enfoque asincrónico da raza e da educación». Alternativa que se fundamenta na «politización e democratización das teorías sobre a reforma das relacións raciais e das estratexias para levala a cabo».

As persoas interesadas nesta interesante publicación, inscrita na non menos interesante e recomendada colección «Educación crítica» que coeditan a Editorial Morata de Madrid e a Fundación Paideia da Coruña, poden solicitála nas librerías; en Edicións Morata, c/ Mejía Lequerica, 12. 28004 MADRID, ou na propia Fundación Paideia, rúa Riego de agua, 13-15. 15001 A CORUÑA.

**TUVILLA, José (Comp.) (1994): La escuela: instrumento de paz. Morón (Sevilla), M.C.E.P.**

O noso amigo Pepe Tuvilla fai de coordinador deste novo libro colectivo que, como soe suceder neste tipo de publicacións, contén traballos de moi desigual calidade. Tampouco a estrutura do libro parece ter suficiente consistencia. Así, se ben o compilador a estrutura en sete capítulos, en realidade podemos dicir que contén tres tipos de traballos. A saber. O primeiro, son os que se encuadran na reflexión sobre o concepto de educación para a paz (Capítulo I).


Aquí están os traballos de Xesús R. Jares, «La educación para la paz en la reforma»; de José Tuvilla, «Hacia una concepción integral de la Educación para la paz» e o de Luis Rodero, «Educación en valores». O segundo grupo, está composto de diversos artigos sobre a educación e os dereitos humanos no mundo (Capítulos II, III e V). Entre os traballos que o compoñen citamos o de Abraham Magendzo, «Una visión analítica de la educación en derechos humanos en América Latina»; o de M.<sup>a</sup> Luisa González, «Una propuesta educativa desde el sur»; o da nosa colega, Flora Fondevila sobre as Escolas asociadas á UNESCO e o do noso colaborador Calo Iglesias, sobre o sobre a inseguridade e os medos dos cativos producidos na institución escolar. En terceiro lugar, outras entregas sobre recursos, xogos e materiais impresos (capítulos VI e VII respectivamente), constituído por sendos traballos cada un. Nun caso o texto colectivo italiano sobre «a paz no xogo», e no segundo, escrito polo propio Tuvilla, sobre materiais para que o mundo cambie. A pesar das pequenas deficiencias apuntadas, entendemos que o libro recolle traballos interesantes e que compe agradecer o traballo do coordinador para incluír traballos tan diversos e de países tan diferentes.

As persoas interesadas poden solicitalo a: MCEP. Apdo. 117. MORON (Sevilla).



**CALVIÑO PUEYO, Xosé. (1994): ¿Somos todos iguais?. Vigo, Xerais.**

Dentro da Biblioteca de Filosofía para a Educación Secundaria, atopase esta unidade didáctica pensada para ser desenvolvida no último curso da ESO e en BUP. O autor, que se define inscrito nos presupostos constructivistas, presenta un amplo abano de propostas didácticas para traballar a igualdade e os diferentes tipos de desigualdades, discriminacións e formas de violencia presentes na realidade que vivimos, con especial fincapé na pobreza.




Como contrapunto a estas situacións, e desde a defensa e o compromiso coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos, presentanse reflexións e posibles actuacións ético-políticas para combatir a desigualdade. A esta suxerente e ben construída unidade didáctica, só temos que facerlle dous pequenos matices ou suxerencias para o autor que en modo algún empañan o traballo feito. En primeiro lugar, nas actividades finais, pxs. 60 a 67, suxerimos cambiar o rótulo da número dous, «Xogos cooperativos», polo de «Dinámicas de grupo e xogos de simulación», en tanto que as dúas propostas que se fan responden a esta caracterización e non exactamente a de xogos cooperativos (especialmente claro é a clásica e coñecida «dinámica dos cubos»). En segundo lugar, para evitar posibles xerarquizacións, sen dúbida non desexadas polo autor, sería necesario que se citase as fontes bibliográficas didácticas que o autor utiliza no que atinxe a diversas propostas didácticas que presenta. En definitiva, un material que sen dúbida será moi útil para o profesorado de Secundaria e do Bacharelato.

As persoas interesadas en ter esta publicación poden pedila a Edicións Xerais. Rúa Dr. Marañón, 12 - 36211 VIGO.

**AUTORES VARIOS (1995): O reto do presente: feminismo, ecoloxismo, pacifismo. Actas I Congreso Movements Sociais alternativos, Ourense.**

Baixo a coordinación de Cristina Caruncho e Purificación Mayobre, editanse as ponencias e comunicacións do I Congreso de Movements Sociais alternativos, celebrado en Ourense do 2 ao 6 de marzo de 1993 e coorganizado polo grupo Educadores pola Paz de Ourense de Nova Escola Galega e a Facultade de Humanidades de dita localidade. As ponencias abordan, con desigual proporción, os tres movementos sociais que dan título ao Congreso. Así,




sobre feminismo entresacamos a de Celia Amorós, «El nuevo aspecto de la polis»; Cristina Santamarina, «La identidad femenina en la realidad política española» ou a de Raquel Osborne «Ecofeminismo o las mujeres salvarán el mundo». No campo do pacifismo somente foi presentada unha ponencia, a do noso

amigo Vicenç Fisas que disertou sobre «La reforma pendiente de la ONU». No campo do ecoloxismo presentáronse dúas ponencias, a de Francisco Garrido, «La ecología política como política del tiempo» e a de J.L. Serrano, «Ecología y Democracia». Paradóxicamente, as coordinadoras da publicación omiten, na introducción da publicación, referencia explicativa sobre ás comunicacións presentadas, non sabemos se «polo seu tono non excesivamente intelectual» ou pola xerarquía inherente a estrutura de Congreso. En calquer caso, nós reseñamos, entre outras, a experiencia de Anxo Moure «Bicis pola Paz»; a de P. Membiela e outras «Reflexiones sobre la integración de la educación ambiental en la escuela»; a de Marina Vila «Autoformación ambiental/Educación non formal» ou a de M.<sup>a</sup> Elena de Jesús e Josefa Martínez sobre «Un estudio sobre la violencia ejercida contra las mujeres». En definitiva un bó material para reflexionar sobre «os retos do presente» e unha experiencia que agardamos se consolide na nosa querida Ourense.

As persoas interesadas en recibir esta publicación poden solicitala por contrareembolso ao precio de 1.700 Pts. ao Apartado 577 de VIGO.

**NOGUEIRA BARCIA, Xosé (1994): A literatura da convivencia. Guía de lectura. Santiago de Compostela, Biblioteca «Nova 33», Fundación Caixa Galicia.**

As relacións bibliográficas da cuase mítica Oveja negra, n.º 27 de outubro de 1985; o folleto «Libros para la paz» da Asociación de amigos del IBBY, 1985 ou ó n.º 34, decembro de 1991, da revista Clip, entre outros, vense a sumar esta publicación feita desde Galicia sobre libros de literatura infantil e xuvenil relacionados coa temática da paz. Tal como se nos di na introducción «son libros que falan do valor da amizade e da solidariedade, libros nos que atopamos a denuncia da crueldade de tódalas guerras a través das vivencias dos máis inocentes, libros que defenden o respecto ás diferencias culturais e relixiosas, a natureza,



a loita contra todo tipo de marxinação, ...». Na publicación a recopilación de libros estruturase por idades: para os máis cativos; para lectores autónomos; para xoves lectores; para mozos e, finalmente, un apartado, non de literatura infantil, titulado «obras de información e referencia». En cada libro acompañase cunha pequena indicación do seu contido. En definitiva un material moi interesante, oportuno e que pode seren de grande utilidade para todas aquelas persoas, mestres, pais, etc. que utilizamos a literatura como instrumento de aprendizaxe dos valores da cultura da paz.

As persoas interesadas poden poñerse en contacto con: Biblioteca «Nova 33». Rúa Nova, 33, 2.º - 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Tfno. (981) 58 44 36 Fax (981) 58 69 52

## NOVAS

### II CONGRESO DE MOVEMENTOS SOCIAIS ALTERNATIVOS/ VIII XORNADAS DE EDUCACION PARA A PAZ

Do 22 ao 25 de marzo do ano en curso, terá lugar en Ourense esta segunda convocatoria do Congreso e oitava das xornadas de educación para a paz. Como na edición ou edicións anteriores está coorganizado polo grupo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega e a Facultade de Humanidades de Ourense. As sesións celebraranse na Aula magna da Facultade de Humanidades, sesións da mañán, e no Salón de actos da Caixa Galicia (Rúa do Paseo), as sesións da tarde. O programa é o seguinte:

#### PROGRAMA

##### MÉRCORES, día 22

As 17 horas: **Entrega de documentación.**

As 19 horas: **Acto de apertura.**

As 19'30 horas: **Conferencia:**

*«Desobediencia Civil e defensa da Constitución»*

**José Antonio Estévez Araujo,**

Catedrático de Filosofía do Dereito Universidade de Barcelona.

##### XOVES, día 23

As 10 horas: **Conferencia:**

*«Educación para o desenvolvemento: a problemática Norte-Sur»*

**Pedro Sáez,**

Profesor de Ensino Medio. Colaborador de CIP.

As 12 horas: **Comunicacións.**

As 17 horas: **Conferencia:**

*«Forzas armadas nunha sociedade democrática»*

**Xosé Fortes,**

Militar na reserva. Profesor no Ensino Medio.

As 19'30 horas: **Mesa Redonda:**

*«Ante o reto da reforma da lei do obxección de conciencia»*

##### VENRES, día 24

As 10 horas: **Conferencia:**

*«A condición masculina a debate»*

**Luis Bonino,**

Director do Centro de Investigación da Condición Masculina.

As 12 horas: **Comunicacións.**

As 16'30 horas: **Conferencia:**

*«A coeducación como intento de multiculturalismo»*

**Marina Subirats,**

Socióloga e Directora Xeral do Instituto da Muller.

As 19'30 horas: **Conferencia:**

*«Feminismo como Política de disidencia»*

**Cristina Almeida,**

Abogada.

##### SÁBADO, día 25

As 10 horas: **Mesa redonda:**

*«As políticas da muller na Galicia actual»*

As 12 horas: **Conferencia Clausura.**

Representante do Ministerio de Asuntos Sociais.

As 13 horas: **Conclusións.**

Quenes desexen presentar algunha comunicación, deberán enviar resumo antes do 28 de febreiro e a comunicación completa antes do comezo do congreso, en soporte informático para facilitala súa publicación.

Secretaría do Congreso: Facultade de Humanidades de Ourense,  
Telf. (988) 25 11 11 - Fax 25 26 08.

ENTREGA DE DIPLOMAS DE ASISTENCIA DE 30 HORAS

As exposicións de ponentes non galegos realizaranse en castelán.

#### MATRÍCULA

Normal ..... 10.000 Ptas.

Estudiantes con emprego ..... 5.000 Ptas.

Estudiantes, parados e membros da Nova Escola Galega ..... 2.000 Ptas.

**A asistencia a algún acto aillado será gratuita e libre en tanto o permita o aforo do local.**

#### INSCRIPCIÓN

Realizaranse enviando antes do 15 de marzo o Boletín de Suscripción a:

#### SECRETARÍA

#### II CONGRESO DE MOVEMENTOS SOCIAIS ALTERNATIVOS

Facultade de Humanidades – Campus Universitario

As Lagoas – 32004 Ourense

Teléfonos de Contacto: Telf. (988) 25 11 11 • Fax (988) 25 26 08

#### IX ENCONTRO GALEGO E II GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

DATAS DE CELEBRACIÓN: 28, 29 e 30 de abril de 1995

**LUGAR:** Instituto de Formación Profesional I.F.P de Sarria. Rúa Castelao, s/n. 27600 SARRIA (Lugo) (a carón do Hotel Alfonso IX).

**ALOXAMENTO:** Hotel Alfonso IX (Tres estrelas). Rúa do Peregrino, 29. SARRIA (Lugo) (Camiño de Santiago).

**ORGANIZA:** Educadores pola Paz-Nova Escola Galega e Movemento dos Educadores para a Paz de Portugal (MEP).

**COLABORAN:** Seminario de Educación para a Paz de Chantada (Lugo) e CEFOCOP de Lugo.

Por segundo ano consecutivo o grupo **EDUCADORES POLA PAZ** de **NOVA ESCOLA GALEGA** e o **MOVIMENTO DOS EDUCADORES PARA A PAZ DE PORTUGAL (MEP)** realizan conxuntamente esta convocatoria, que pretende ser a cita anual de todas aquelas persoas comprometidas cunha cultura de paz en xeral e coa educación para a paz en particular. Como en edicións anteriores a convocatoria está aberta a todas aquelas persoas e grupos que queiran presentar as súas experiencias, os seus materiais, etc. Sen dúbida o reto que neste momento temos é a consolidación desta nova fase de colaboración galego-portuguesa. É, pois moi importante, que tanto a nivel de asistentes como a nivel de presentación de experiencias, dinámicas, etc. vaíamos igualando progresivamente a presenza dos membros de ambas beiras do Miño. Por iso facemos un chamamento moi garimoso aos nosos colegas portugueses para que se animen a viren ao Encontro. Desde o punto de vista organizativo, recóllemos algunha das súxerencias que se fixeron no último Encontro, como é o caso da exposición simultánea de experiencias. En calquer caso, este tema vai estar condicionado a que fagades a vosa matrícula e, se é o caso, o voso desexo de presentar algunha experiencia ou dinámica o máis axina posible. Por iso é moi importante matricularse pronto.

Os organizadores agradecen a colaboración desinteresada do **Seminario de Educación para a Paz de Chantada (Lugo)** e do **CEFOCOP de Lugo**. Tamén do equipo directivo do **I.F.P. de Sarria** e da **Diputación Provincial de Lugo**.



## PROGRAMA

**VENRES, 28 de abril**

*HOTEL ALFONSO IX:*

**Das 16 ás 18 h.** Recepción, aloxamento, entrega de documentación.

*INSTITUTO DE FP:*

**18 h.** Benvida, inauguración e informacións previas.

**18'30 - 19'30 h.** Xogos cooperativos.

**19'30 - 20'45 h.** Mesa Redonda: «¿É o movemento do 0,7% a versión moderna do Domund?» Intervenien representantes de ONGs galegas e portuguesas. Modera **Pedro Cuadrado** (Educadores pola Paz).

**21 h.** Cea e, aos postres, salutación-presentación dos grupos e organizacións presentes no Encontro (HOTEL ALFONSO IX).

**22'30 h.** Proxeccións audiovisuais no Hotel Alfonso IX ou itinerario nocturno por Sarria.

**SÁBADO, 29 de abril**

**As 9 h.** Almorzo (pequeno almoço)

*INSTITUTO DE FP:*

**De 9'30 h. a 10'15 h.** Presentación do documento de debate deste ano: «**A resposta organizativa da Educación para a Paz**». Cuestións a prantexar: ¿en qué contextó organizativo debe desenvolverse un proxecto educativo baseado nos valores da Educación para a paz?; ¿cál debe ser a nosa resposta respecto da elaboración dos PECs; da participación; etc.?; ¿cómo afrontamos os conflitos que desde o punto de vista organizativo se producen nos centros?. Por outro lado, ¿cómo temos que organizarnos as/os educadoras/es pola Paz?. Ponente **Xesús R. Jares** (Educadores pola Paz).

**De 10'15 a 10'45 h.** aclaración de dúbidas, preguntas (En gran grupo).

**De 11 a 12'30.** Traballo en grupos simultáneos.

**De 13 a 14 h.** Presentación das conclusións de cada grupo e elaboración de conclusións do debate.

**14 h.** Xantar (Almoço). Hotel Alfonso IX.

**16'30 h.** Xogos cooperativos na ribeira do río Sarria.

*INSTITUTO DE FP:*

**17'30 h a 19 h.** Presentación simultánea de experiencias.

**19'30 a 21 h.** Dinámicas de grupo/obradoiros simultáneos.

*HOTEL ALFONSO IX:*

**21'30 h.** Cea.

**22'30 h.** Gran festa pola Paz ata que o corpo aguante: cantigas; xogos; danzas; ... e o que se presente.

**DOMINGO, 30 de abril**

**9'30 h.** Almorzo (pequeno almoço)

*INSTITUTO DE FP:*

**10'30 h.** Presentación simultánea de experiencias e/ou obradoiros.

**12 h.** Asamblea xeral. Avaliación e Conclusións do Encontro.

**13'30 h.** Foto da paz.

**14 h.** Xantar (Almoço) e Clausura do Encontro.

Durante o Encontro haberá o tradicional tenderete de materiais da paz.

### PRECIOS

#### 1. Matrícula:

- a) Socios de NEG e do MEP; estudantes e parados: 2.500 Pts.
- b) Resto: 3.500 Pts.

**2. Manutención e aloxamento:** Pensión completa en habitacións dobles ou triples: 9.000 pts. (IVE incluído) o fin de semana.

### FORMA DE PAGO

Transferencia bancaria a nome de Educadores pola Paz.

Conta n.º **04.019453.5 de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.**

**INSCRIPCIÓN:** Envía os teus datos, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a: Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.

As persoas ou grupos que presenten experiencias/obradoiros deberán enviar un resumo da mesma nun máximo de dous folios para entregar ós asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en WP. 5.1).




**EDUCADORAS/ES POLA PAZ**

**Apartado 577  
VIGO (Pontevedra)**

Depósito Legal: Vg - 457/90

Imprime: IMPRENTA SANMARTIN (Grupo Sanmartín, S.L.)  
Telfs. 214847/48 - Fax 211997 - Quintela - ORENSE



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

